

Un novo pacto social en marcha



Deféndete!!!

V

ÉN de asinarse, o 29 de xullo (en pleno verán como fai o Goberno coas leis complicadas), un documento por parte de CCOO, UGT, CEOE e PP (Goberno) denominado “Acuerdo de propuestas para la negociación tripartita para fortalecer el crecimiento económico y el empleo” no que, unha vez máis, estas dúas centrais sindicais renuncian a defender os intereses da clase traballadora e déitanse coa patronal e o Goberno.

Nun extraordinario exercicio de cinismo e hipocrísia, pretenden facernos crer que a través do que eles chamam “diálogo social” o capital e o goberno van aceptar pactar con eses sindicatos unhas medidas favorábeis ao crecemento económico e á creación de emprego.

A experiencia demóstranos que nada positivo conseguimos os traballadores e traballadoras dos diferentes Pactos Sociais asinados por CCOO e UGT ao longo dos últimos corenta anos; todo o contrario, estes pactos serviron para que o capital fose desregulando o mercado laboral, rebaixando o poder adquisitivo dos nosos salarios, precarizando as condicións laborais, debilitando e desmobilizando a clase traballadora.

Pois ben, se a política de pacto social non foi favorábel para a clase traballadora, en momentos de crecemento económico e cunhas organizacións sindicais e unha esquerda máis fortalecidas que na actualidade, é impensábel que poida resultar positiva nun momento como o actual na que o capital ten o Goberno e a lexislación laboral ao seu favor, ten a clase traballadora atemorizada debido aos altos índices de desemprego e ten decidido facer competitiva a economía, e incrementar as súas marxes de beneficio, pola vía do recorte dos salarios. Con este panorama, e con centrais sindicais como CCOO e UGT en plan desmobilizador, que necesidade ten a patronal e o goberno (PP) de pactar absolutamente nada con estas dúas centrais sindicais, que non sexa a paz social e a aceptación na práctica das políticas de recorte de dereitos e de afondamento no modelo neoliberal, que viñeron facendo até o de agora?

Proba disto é que se se analiza o contido do citado documento, en todo canto se refire á Unión Europea, á política de emprego, formación profesio-

nal, negociación colectiva, protección social, modelo produtivo, política fiscal, etc., non se cuestiona o modelo neoliberal da UE, nada se fala das causas da crise económica, nin de retirar as sucesivas contrarreformas laborais e modificar unhas políticas económicas que están a recortar dereitos, destruír emprego e tecido produtivo, xeneralizar a perda de salario e precarizar as condicións laborais, en definitiva, debilitar a clase traballadora mentres o capital incrementa os seus beneficios e o seu poder.

Un documento pois, como en ocasións anteriores, cargo de palabrería barata, no que non aparece ningunha proposta concreta favorábel á clase traballadora, no que se acepta a situación actual de perda dereitos da clase traballadora como se non pasase nada e non existisen culpábeis, no que se renuncia á mobilización e a dar o debate ideolóxico e a loita por un cambio de modelo económico realmente favorábel aos intereses da clase traballadora.

Unha vez máis, as direccións de CCOO e UGT confunden a defensa dos seus intereses coa defensa dos intereses da clase traballadora e, a cambio de certas prebendas, non teñen problema en colaborar coa estratexia da oligarquía española e do PP de ocultar as causas e os responsábeis reais da crise e de transmitir á sociedade, a un ano vista das próximas eleccións municipais e xerais, unha imaxe positiva, pero falsa, de crecemento económico e de creación de emprego, obviando a grave situación económica, social e laboral na que están a grande maioría de traballadores e traballadoras.

Desde a CIG facemos un chamamento á toda a clase obreira galega a non aceptar este xogo de tronos a conta dos nosos intereses e de precarizar as nosas condicións de vida e traballo, a retirarlles o apoio nas empresas ás centrais sindicais asinantes deste documento e desta traición e a seguir mobilizándose contra as políticas antiobreiras do capital e do PP, pola conquista dun sistema económico realmente ao servizo da clase traballadora galega e no que soberanamente poidamos decidir o noso presente e futuro.

**Non deixes que xoguen
cos teus intereses**



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com